

COMISIÓN DE PERSOAL ORDINARIA

Santiago de Compostela 07/03/25

Hoxe tivo lugar a Comisión de Persoal ordinaria co tratamento das seguintes cuestións:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

UGT: a favor

CIG: abstención

CCOO: abstención

CSIF: en contra

Sentido do voto de UGT:

Tratándose da adaptación ao decreto de estrutura, consideramos que houbo un esforzo desde as negociacións iniciais para incorporar aqueles aspectos que se entendía que eran incorporables e que melloraban a proposta. Entendemos que os aspectos favorables pesan máis que aqueles cos que podíamos estar máis contrariados, cuestión que motiva o sentido do voto.

ROLDA DE INTERVENCIÓNS:

- Procesos selectivos da Lei 20/2021:
 - Nas próximas semanas comezarán a publicar no DOG as resolucións de elección de destino daqueles procesos correspondentes a categorías, escalas e especialidades nas que ou ben non hai convocados concursos de traslados ou nas que tampouco se vai a convocar.
 - No caso dos restantes procesos nos que hai convocado un concurso ou se convocará nos próximos meses, a medida que estes vaian finalizando irá publicando as eleccións de destino definitivo.
- Concursos de traslados:
 - A próxima semana informarán da data de publicación en DOG da resolución pola que se abre o prazo para acreditación de méritos e selección de postos do concurso de corpos xerais.
 - Os restantes concursos que están pendentes de convocar, nos meses de marzo e abril negociaranse as convocatorias das escalas de Política Social, persoal veterinario e da especialidade de mantemento, limpeza e cociña.
- Ao respecto da previsión de finalización, refiren ao momento en que teñan todos os concursos en marcha para poder concretar esa previsión de datas de finalización.
- Proposta de nomeamento nunha soa praza como resultado da Lei 20:
 - Preguntados pola previsión contida no artigo 11.1 da Lei galega 5/2022, de estabilización, de que unha mesma persoa non poderá ser proposta para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo en máis dunha escala, corpo ou categoría tanto na Administración xeral como nas entidades instrumentais, indican que se aclarara nas resolucións de elección de destino.
- Desenvolvemento do Decreto 12/2024 de persoal investigador:
 - Puxemos de manifesto que a identificación dos postos do persoal con funcións de investigación, a oferta de emprego das prazas amparadas pola estabilización e negociación dun convenio marco segue sen estar realizadas, e así llo fixemos saber a



dirección de GAIN. Especialmente preocupante é a negociación dun convenio (dous en realidade) no ámbito da Consellería de Sanidade sen ter en conta ao resto de entidades de contido investigador da Xunta de Galicia, cuestión que poñemos en coñecemento da Dirección Xeral de Emprego Público, por si non está informada. Requirimos coordinación e axilidade nos traballos, en tanto que o prazo marcado polo citado decreto rematou o 25 de xaneiro de 2025.

- Anunciamos a presentación dun escrito, a Emprego Público e a SXT da Consellería de Política Social, sobre a problemática nos equipos de valoración de discapacidades.
 - Segundo se constata a implementación da Instrución da SXT para a aplicación do Título XI da Lei 13/2008 está a xerar unha serie de problemas coa valoración por informes do que daremos conta polo miúdo e do que queremos deixar constancia neste foro polo alcance que poda ter.

